
ITINERANTA
FESTIVAL DE ESPECTÁCULOS DE RÚA ITINERANTES
XIV EDICIÓN · PONTEVEDRA
16,17 E 18 XULLO 2025

# ESPECTÁCULOS

## *MÉRCORES 16 DE XULLO:

"LOS AGUADORES" – ALMOZANDIA TEATRO (ZARAGOZA)
"TCHIMIZAYAGUAS" – TCHYMINIGAGUA (BOGOTÁ - COLOMBIA)
"ALIEN'S FOC" * – PRODUCCIONS SCURA (VIRA REAL)

## *XOVES 17 DE XULLO:

"VERY BIG PULGA" – ASACO PRODUCCIONES & CIRKO PSIKARIO (NAVALMORAL DE LA MATA E FUENLABRADA)
"DIMINUTS" – LA FAM (VILA REAL)
"PACHAMAMA"* – TROULA (VIGO)

## *VENRES 18, DE XULLO:

"OLYMPICS" – NACHO VILAR PRODUCCIONES & YLLANA (MURCIA E MADRID)
"DISKO FUNK" – K DE CALLE (ZARAGOZA)
"MEROGRADE" – BRINCADEIRA (BARCELONA)
"AMBULANT" – LA FAM (VILA REAL)

**As rutas veñen indicadas nas últimas páxinas.**

*** Espectáculo Pirotécnico:**

**(non recomendado a colectivos vulnerables a efectos de son e luz)**

# ALMOZANDIA TEATRO (ZARAGOZA): "LOS AGUADORES"



Mergúllate no mundo de "Los Aguadores", onde un equipo de valentes axentes loitan por protexer a auga, un tesouro vital. Enfrontándose aos tres archienimigos do planeta: Plásticum, o contaminador; Petróleum, o destrutor; e Vertidius Asquerosus, o que viste de desfeitos. Xuntos, deberán superar obstáculos e desafíos para salvar a agua e restaurar o equilibrio do planeta. ¡Únete á aventura e descobre o poder da agua!

Ruta D - 20:00 h

# TCHYMINIGAGUA (BOGOTÁ COLOMBIA): "CHIMIZAYAGUAS



Tchyminigagua é o deus da creación da sabana andina de Bogotá. Con este nome leva esta compañía 40 anos de actividade cultural e social. Neste espectáculo preséntanse aves ancestrais moi coloridas da zona como guacamaios, cóndores ou colibrís cun chamativo vestiario. As personaxes voan sobre zancos en patíns acompañados da música ao vivo de ventos e percusión; Tchyminigagua son coñecidos por ser a compañía inventora dos zancos en patíns, unha disciplina única e espectacular. Unha mensaxe medioambiental implícita para un espectáculo popular, cunha linguaxe festiva de enerxía, ritmo e alegría.

**Ruta C - 21:00 h**

# PRODUCCIONS SCURA (VILA REAL): "ALIEN'S FOC"



**Agnes e Joseph, intrépidos navegantes do espazo, atópanse perdidos e incomunicados tras aterrar sobre o planeta FOC. Un grave accidente fixo que se rompese o seu compás e o seu equipo de transmisións, polo que non poden atopar a nave HORMIGUEDON 4 coa que voltar a casa. Un grupo de Aliens Foc, estraños habitantes do inhóspito planeta, acuden ao rescate e acompañaraos polo único camiño posible de regreso. Durante a travesía deberán empregar a súa astucia para enfrontarse a seres mitolóxicos como Polifemo ou ao cantar das Sereas. Finalmente, e superados todos os retos, atoparán a nave coa que voltar a casa.**

"Alien's Foc é un espectáculo baseado na pirotecnia, recomendase ao público que queira participar o uso de roupa vaqueira e gorra; o resto pode desfrutar do espectáculo mantendo a distancia de seguridade pertinente"

**Ruta B - 22:00 h**

# ASACO PRODUCCIONES & CIRKO PSIKARIO
## (NAVALMORAL DE LA MATA E FUENLABRADA) :
# "VERY BIG PULGA"



**Tres buscavidas orixinarios dunha zona rural esquecida da man de Deus, deciden inventar unha atracción de feira para escapar da pobreza, exhibindo polas rúas, ao máis puro estilo dos vendedores ambulantes, unha estraña marabilla da natureza: A very big Pulga!, un espectáculo extraordinario e inesquecible para toda a familia polas rúas da súa localidade.**
**A domadora, a pulga e o conductor desta curiosa troupe, preséntannos este espectáculo itinerante, repleto de peripecias, números cómicos, interaccións co público e moita arte de rúa para toda a familia.**

**Ruta D - 20:00 h**

# LA FAM (VILA REAL):
# "DIMINUTS"



**Os Diminuts aparecen transportando as súas enormes ferramentas, desprazándose polas rúas cos seus grandes vehículos…. Para eles todo perdeu a súa proporción, as escalas cambiaron, pero os Diminuts seguen a ser igual de pequenos, alomenos a carón das súas grandes estruturas… Aínda que atención, no seu universo nada é o que parece!**

**Ruta B2 - 21:15 h**

# TROULA (VIGO): "PACHAMAMA"



**Houbo un tempo, no que o home, a nosa Terra Nai, o mar e o lume eran só un. Houbo un tempo no que os chamáns convocaban as forzas da natureza, e só unha vez ao ano coa conxunción dos astros, liberábanse os demos protectores. Ese día, natureza, bestas e humanos eran só un, a terra non lles pertencía, xa que ela mesma era a súa nai. O home só ese día podía conectar coa natureza, e voar coma o cóndor, correr coma o xaguar, sentir o vento coma as árbores e arrastrarse coma a serpe. Ese día, no que os astros se alinean chegou, chegou o momento da unión entre a natureza, o home e os deuses protectores. Chegou o momento da PACHAMAMA.**

**Ruta A - 22:30 h**

# NACHO VILAR PRODUCCIONES & YLLANA
## (MURCIA E MADRID):
## "OLYMPICS"




**Estes atletas non lograron clasificarse para participar nos Xogos Olímpicos, así que deciden montar a súa propia competición nun espectáculo disparatado e interactivo.**

**Ruta D - 19:30 h**

# K DE CALLE (ZARAGOZA): "DISKO FUNK"



**Pasarrúas con personaxes dos anos 60-70 cun outfit da época sobre zancos e a pé de chan, que nos animarán a bailar con eles ao ritmo da música FUNKY.**

**Ruta 02 - 20:30 h**

# BRINCADEIRA (BARCELONA): "MEROGRADE"



**MEROGRADE é un espectáculo que se inspira na evolución e no constante desenrolo impulsado pola velocidade do noso mundo. O proceso de creación musical esperta un impacto visual cativador, desprendendo un magnetismo singular que desenrola unha perfecta sintonía co público.**
**A constante busca do equilibrio entre o pasado e o presente defínenos, acelerando os nosos ritmos a "tempos" inusuais ata acadar un escintileo de calma.**

**Ruta C - 21:30 h**

# LA FAM (VILA REAL):
# "AMBULANT"




**Un pequeno e pintoresco circo acaba de chegar á cidade despois de percorrer centenares de kilómetros cos seus carros cargados de maletas e baúis. Buscan o lugar idóneo no que se instalar. Ninguén sabe de onde veñen, pero contan que entre os seus membros están algúns dos máis virtuosos artistas do espectáculo. Artistas e músicos montan e preparan en directo toda a escenografía para a función. O circo é unha gran familia na que conviven xuntos, comen xuntos, dormen xuntos... namóranse, discuten, bailan, xogan, pelexan... ...xuntos.**

"Espectáculo de Circo Clásico (estático) na Praza da Ferrería, que contará cunha pequena itinerancia dende o Teatro Principal"

**Ruta C2 - 22:15 h**




TiNERANTO

# HORARIOS E RUTAS:

## *MÉRCORES 16, XULLO:

RUTA D - 20:00 h: ALMOZANDIA TEATRO - "Los Aguadores"
RUTA C - 21:00 h: TCHYMINIGAGUA - "Tchimizayaguas"
RUTA B - 22:00 h: PRODUCCIONS SCURA - "Alien's Foc"*

## *XOVES 17, XULLO:

RUTA D - 20:00 h: ASACO PRODUCCIONES & CIRKO PSIKARIO - "Very Big Pulga"
RUTA B2 - 21:15 h: LA FAM - "Diminuts"
RUTA A - 22:-30 h: TROULA - "Pachamama"*

## *VENRES 18, XULLO:

RUTA D - 19:30 h: NACHO VILAR PRODUCCIONES & YLLANA - "Olympics"
RUTA D2 - 20:30 h: K DE CALLE - "Disko Funk"
RUTA C - 21:30 h: BRINCADEIRA - "Merograde"
RUTA C2 - 22:15 h: LA FAM - "Ambulant"

*** Espectáculo Pirotécnico:**
**(non recomendado a colectivos vulnerables a efectos de son e luz)**

# RUTA A




RUTA B
RUTA B2
PRAZA CURROS ENRÍQUEZ
FERRERÍA
PEREGRINA
PRAZA ESPAÑA


RUTA C
RUTA C2
TEATRO
TEUCRO
PRAZA CURROS ENRÍQUEZ
PRAZA DAS CINCO RÚAS
FERRERÍA
MÉNDEZ NÚÑEZ
PRAZA DA VERDURA
PEREGRINA


RUTA D
RUTA D2
AVDA SANTA MARÍA
CASINO
PRAZA CURROS ENRÍQUEZ

# ITINERANTA

## FESTIVAL DE ESPECTÁCULOS DE RÚA ITINERANTES
## XIV EDICIÓN · PONTEVEDRA

ALMOZANDIA TEATRO (Zaragoza)

TCHYMINIGAGUA (Bogotá - Colombia)

PRODUCCIONS SCURA (Via Real)

ASACO PRODUCCIONES & CIRKO PSIKARIO

(Navamoral de la Mata e Fuenlabrada)

LA FAM (Vila Real)

TROULA (Vigo)

NACHO VILAR PRODUCCIONES & YLLANA

(Murcia e Madrid)

K DE CALLE - (Zaragoza)

BRINCADEIRA (Barcelona)

WWW.ITINERANTA.COM

Troula

Concello de Pontevedra